Galicia ENCANTADA
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O marco cambiado de sitio

Seica regresaba un mozo a media noite despois de andar trouleando no fiadeiro e atopou unha vela acendida enriba dunha pedra. Colleuna e foise alumando con ela polo camiño adiante. Xa na casa cando xa se estaba deitando, a vela, que ardía polo cabuxo xa consumida, comezou a tremelucir e díxolle:

—Son unha ánima do Purgatorio que estou penando e veño pedirche un favor. Mañá cedo vas a onde atopaches a vela, colles a pedra na que estaba e lévala por caridade á extrema da finca do Viñal. Sabe que aquela pedra era un marco e eu peno no Purgatorio por telo cambiado de sitio.

Así o conta Luís Moure Mariño (1915-1999) en La Voz de Galicia (6.12.1972), quen transcribe unha historia contada pola súa avoa na casa familiar de Tarrío, Chantada, cando el era neno.